



RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE SETEMBRO DE 2017 QUE MODIFICA A RR DO 7/04/2017 PARA A TRAMITACIÓN ORZAMENTARIA, ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA E A OPERATORIA CONTABLE QUE SE DEBE SEGUIR NOS EXPEDIENTES DE GASTO RELATIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL CON FINANCIAMENTO ALLEO, DE CARÁCTER PLURIANUAL, EN QUE SE ESTABLEZA UNHA DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN, POR ANUALIDADE, ANTERIOR Á FINALIZACIÓN DO EXERCICIO ORZAMENTARIO

O 7/04/2017 ditouse a Resolución reitoral que regula a tramitación orzamentaria e a operatoria contable que se debe seguir nos expedientes de gasto relativos á contratación laboral de persoal con financiamento alleo, de carácter plurianual, en que se establece unha data límite de xustificación por anualidade, anterior á finalización do exercicio orzamentario.

Para a execución do financiamento alleo recibido pola UDC, ademais de contratar persoal laboral temporal, cómpre realizar outras actividades que requiren a tramitación previa de expedientes de contratación administrativa ou a realización de gastos vinculados á asistencia a congresos, xornadas e outras actividades similares, imputadas á axuda recibida e que resultan necesarias para a súa execución. Estas situacións están determinadas polo desenvolvemento de proxectos específicos de investigación científica e técnica.

Os compromisos económicos adecuaranse ás condicións específicas de cada financiamento e aos períodos que se determinen na normativa reguladora de cada axuda.

A necesidade de atender as situacións expostas fai necesario ditar unha nova resolución que modifique a RR do 7/04/2017, co fin de recoller as novas situacións e aplicar o tratamento establecido na Resolución do 7/04/2017 aos expedientes de contratación administrativa e aos gastos derivados da asistencia congresos, xornadas e outras actividades análogas.

En vista do que antecede, de conformidade co que dispón o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña,

RESOLVO:

Primeiro. *Ámbito de aplicación*

1. Facer extensiva a RR do 7/4/2017 que regula a tramitación orzamentaria e a operatoria contable que se debe seguir nos expedientes de gasto relativos á contratación laboral de persoal temporal con financiamento alleo, de carácter plurianual, en que se establece unha data límite de xustificación por anualidade, anterior á finalización do

Código Seguro De Verificación	y/5UJGUp+mcugQY/yMCo/w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	15/09/2017 13:39:12
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y/5UJGUp+mcugQY/yMCo/w==		





exercicio orzamentario, para os expedientes de contratación administrativa e para os gastos vinculados á asistencia a congresos, xornadas e outras actividades similares, financiadas con cargo a proxectos, convenios e outro tipo de axudas da Xunta de Galicia ou doutras entidades, sempre que se trate de financiamento alleo e público e teñan unha data de xustificación anterior á finalización do exercicio económico de cada anualidade.

Segundo. Imputación de gastos e procedemento a nivel orzamentario e contable

1. Os gastos por Indemnización por razón de servizo (IRS), derivados da asistencia ás actividades financiadas e que sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF, tramitaranse nos prazos e condicións que se establezan na Instrución anual de peche de exercicio.
2. A tramitación contable de cada expediente de gasto adecuarase ás condicións requiridas na normativa reguladora de cada axuda e ao establecido na RR do 7/04/2017.
3. As facturas acreditativas de cada gasto financiable deberán expedirse e pagarse dentro do prazo límite de xustificación de cada exercicio, conforme cos prazos e condicións que se establezan para cada axuda.

Terceiro. Prazos das solicitudes de adianto parcial da anualidade futura

- 1 Establécese o prazo límite do 15 de outubro de cada exercicio para a solicitude de adianto parcial da anualidade futura para o financiamento dos expedientes de gasto de:
 - contratación laboral de persoal temporal.
 - contratación administrativa
 - asistencia a congresos, xornadas e actividades similares

No caso de ter que solicitar un prazo maior, a petición motivada remitirase previamente á vicerreitoría con competencias en economía para a súa autorización.

Cuarto. Tramitación ao inicio de cada exercicio e actualización de documentos contables do exercicio corrente

Engádesse no apartado cuarto da RR do 7/04/2017, o seguinte parágrafo:

Una vez tramitados os expedientes de gasto con cargo ao adianto solicitado, revisaranse os compromisos de gasto. No caso de que subsista algún saldo de crédito (sobrante) comprometido, que corresponda ao adianto parcial da anualidade futura, procederase á súa incorporación.

Código Seguro De Verificación	y/5UJGUp+mcugQY/yMCo/w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	15/09/2017 13:39:12
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y/5UJGUp+mcugQY/yMCo/w==		



Para os créditos suxeitos ao procedemento de incorporación abreviada, seguirase este mesmo procedemento para a súa incorporación simplificada.

Quinto. Publicación

Esta resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A presente resolución entrará en vigor o día da súa publicación e aplicarase á tramitación dos expedientes de contratación administrativa que se estean tramitando.

A Coruña, 14 de setembro de 2017

O reitor
Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	y/5UJGUp+mcugQY/yMCo/w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	15/09/2017 13:39:12
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y/5UJGUp+mcugQY/yMCo/w==		

